

As literaturas galegas, basca e catalá seguen vivindo nun estado de conflito. Con todo, e como dixo Enric Sória en referéncia á poesía catalá moderna: *Eppour si muove*. A situación das tres culturas ibéricas, sen estado que as represente, é sen embargo diferente.

Catalunya é a máis desenvolvida en eidos como a tradución e a saída ao exterior dalgúndas das suas producións, caso do teatro. A cultura basca encóntrase ainda moi mediatizada polo peso do castellano, mentres a galega é a más social e preocupada, neste

momento, polo feito da nación. “A influéncia europea nas literaturas de Galeuzka” foi o tema central deste IX Congreso que unha representación de 22 escritores celebrou durante catro días cun percorrido polas rutas luguesas do Camiño de Santiago.

## Os escritores do Galeuzka analisaron a influéncia europea nas tres culturas minorizadas

Uxio Novoneira lembrou que a Xunta é a única que non dota economicamente á sua Asociación de Escritores

### ■ MANUEL VEIGA

Uxio Novoneira, presidente da Asociación de Escritores en Língua Galega fixo notar que o goberno galego era o único das tres nacionalidades que non tivera a ben dotar cunha asignación económica regular á sua asociación de escritores. Novoneira agradeceu, con todo, ao Conselleiro de Relacións Institucionais ali presente, Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, o apoio outorgado á presente edición do encontro.

Os congresistas tomaron o Camiño de Santiago e a conmemoración do Xacobeo para analisar as relacións das culturas basca, galega e catalá con Europa. Nesta edición estivo tamén presente un convidado da Asociación Colexial de Escritores de España.

O percorrido itinerante, ainda que atractivo, limitou no tempo os debates e impidiu un ensaillamento quizá necesario de conclusións entre os participantes.

Pluralidade sobre Europa  
Após da recepción oficial de asis-



As xornadas de Galeuzka foron itinerantes polo Camiño de Santiago. A xornada final fechouse na capital de Galicia.

ainda recente. O título deste colóquio foi o de “Ensaio e conciencia nacional” que rousou sobre a ponencia apresentada por Xosé Manuel Beiras. No mesmo dia os participantes visitaron O Cebreiro e o Mosteiro de Samos, onde o escritor basco Iñaki Aldecoa defendeu a ponencia dedicada á poesía basca.

O Domingo, 1 de Novembro, tivo lugar a clausura en Santiago, onde Anxo Tarrio deu repaso á sua análise da “Influéncia europea na narrativa galega”.

A pluralidade existente entre os 22 participantes no Congreso e a cortedada da posta en comun das diversas ponencias e comunicaciones impidiu que se poidera tirar unha idea clara do que representa Europa para estas tres culturas. Quizá deba ser así, posto que os diferentes criterios non só se estableceron por comunidades, como tamén por xéneros literarios, con independencia dos factores comuns ao carácter minorizado —sen unha plena estructura económica e política— dos tres países. ♦

## A FORZA DE TRES CULTURAS

M. VEIGA

Cando se escribe a historia do pensamento actual haberá que acudir a encontros cuase marxinistas, a congresos con más vontade que orzamento e a ponencias editadas con rigurosa modestia de medios. O IX Encontro do Galeuzka fornecen unha libreta de arámios -non oustante cómoda- que serve de útil consulta de textos lúcidos sobre as culturas das tres nacións ibéricas, sen Estado. O teimoso centralismo non abreu ainda espacío nos seus meios de comunicación para estas culturas cuxo respeto timidamente pregoa. Tamén non as edicións e os actos institucionais, polo menos en Galiza, abren leiras a outra cousa que non sexa o compadreiro e a vanidade en papel couché. Ao final moitos preferiron ser fotografados que expoñer as suas dúbidas. Esqueceron que a fama, polo camiño máis doado, sempre é efímera.

Non é o caso destes encontros *Galeuska*, que con todas as suas eivas, que as ten, nen é preciso disimular, aportan sempre unha bagaxe de materiais reflexivos e honestos.

Pilar Pallarés recorre ao título *Aquel europeísmo de preguerra* para darnos unha análise radical e documentada do lugar que ocupou Europa na cultura galega. Oferece pistas atinadas: por máis que “a influéncia europea é causa fundamental da renovación vivida pola literatura galega no século XX, non debe

presuporar un carácter isolacionista para a literatura precedente”.

Pallarés tamén corrixe algúns lugares comuns: “Manuel António confesa en moitas cartas coñecer moi pouco das vanguardas europeas e ter que recorrer a Risco, Castelao ou Cebreiro para obter unha información básica”. Manuel António mesmo aporta que o seu vanguardismo, máis que unha escola estética era a consecuencia dun espírito “individualista, rebelde e simplista”. Un comentario que ainda hoxe nos sería doado trasladar.

“Europa, sinala Pallarés, para a Xeneración Nós e para as Irmandades, non era un centro xerador de novas tendencias que os galegos deverían acoller para se poren así à la page. Tratábase tanto de europeizar Galiza como de galeguizar Europa”.

A poeta coruñesa sinala tamén que “os elementos tradicionais que aparecen na poesía galega de vangarda (...) non son froito dun exceso de respeito polos modelos do pasado”. A vangarda, segundo Pilar Pallarés, retorna ao popular como ruptura coa vulgaridade de comezos deste século. “É preciso lembrar, afirma, que a vangarda non reaxe necesariamente contra o que houvo, senón contra o que hai”.

Nun punto de vista diferente sitúase María Xosé Queizán, quen realiza unha análise dual e afirma que “frente á Galiza rural ancorada no tempo, existiu sempre a aventura ultramarina, a emigración”, con influéncias permanentes derivadas “dunha atitude aberta para recibilas”.

Inazio Mujica lamentase, pola súa parte, de que as influéncias europeas na literatura basca andaran sempre “a saltos” e reclama un plan de tradución de obras europeas e mundiais ao basco. Joxemari Iturralde afirma, na mesma liña, que “a situación de dependencia a respecto das traducións españolas é case total”.

Manuel Lourenzo, en cambio, reverte no seu

terreo a preocupación cara adentro e sinala que o teatro galego é “un perfeito descoñecido para a maioría dos galegos”, engadindo que todo fai pensar que “non é o teatro galego, mais o conxunto da sociedade galega, o que necesita ser revisado”.

Desde un estadio distinto, Joan Cavallé, avisa sobre a posibel fenda que se pode abrir entre o teatro catalá “de texto” e aquel que se basea en recursos xestuais, de máis doada entrada en circuitos alleos a Catalunya e ao coñecemento do catalán. Cavallé resolve que, como no caso doutras línguas pouco extensas (noruegués, sueco, portugués ou hungaro) é “o peso específico e a singularidade dos seus criadores (Ibsen, Strindberg, Dantab, Molnar...)” o que permite superar as fronteiras nacionais.

A ponencia de Xosé Manuel Beiras tentou situar o papel do ensaio na actual fase de conciencia nacional. “Nengun povo, afirmou, accede de primeiras á percepción da sua identidade nacional por vía do raciocínio. (...) O sentimento nacional habita primeiro no substrato do irracional, do inconsciente”. A asunción da identidade nacional através do sentimento fai propia sua a via da “poesía, á par se cadra do teatro?”. Do mesmo modo que o proceso posterior de “racionalización do feito nacional” parece ir parello “do ensaio”. ♦

**Pilar Pallarés danos unha análise radical e documentada do lugar que ocupou Europa na cultura galega.**